



PRODUCCIÓN ECOLÓXICA E COMERCIALIZACIÓN

1. Denominación do curso (nome do expediente): Producción ecolóxica e comercialización
2. Contidos:
 - Explotacións ecolóxicas. Posibilidades de produtos e/ou servizos
 - Prevención de riscos laborais nas actividades da explotación
 - Aproveitamentos de recursos e manexo do chan ecolóxico
 - Labores culturais e recolección de cultivos ecolóxicos
 - Técnicas ecolóxicas de equilibrio entre parasitos, patóxenos e cultivos
 - Prevención do estado sanitario de cultivos ecolóxicos e aplicación de produtos
 - Identificación das diferentes canles de comercialización
 - Realizar a venda de produtos e/ou servizos ecolóxicos
 - Organizar accións promocionais en espazos comerciais
 - Módulos transversais sobre a perspectiva de xénero (2h), sobre a orientación laboral e busca de emprego (2h), sobre as novas tecnoloxías aplicadas á acción formativa (2h), sobre o emprendemento (2h) e a sensibilización medioambiental (2h), e dúas charlas dunha hora de duración con profesionais do sector e expertos en selección de persoal.
3. Horas totais do curso: 295
4. Lugares de Celebración: No centro municipal de formación IRMAS FROILAZ, na Gándara e nas instalacións/fincas que se determinen para a realización da formación práctica.
5. Datas previstas do curso: Do 3 de setembro ao 26 de novembro de 2020.
6. Horario previsto: De 9:00 a 14:00 horas en Aula e fincas, de luns a venres.
7. Nº de prazas: 15.

O concello resérvase a posibilidade de anular este curso, no caso de que non se cubra o 60% da participación prevista.

Reservarase un 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario.

8. Requisitos xerais do alumnado: Maior de 18 anos, desempregado e empadroadado no Concello de Narón, e non ter concedido outro curso do programa municipal de formación coincidente temporalmente na realización. O requisito de idade ten que cumprirse o día de inicio do curso. O empadroamento verifícase polo Concello o último día de prazo de presentación de solicitudes. O requisito de desempregado acreditarase o día de inicio do curso, coa tarxeta de desemprego actualizada.



9. Lugar de presentación das solicitudes: Rexistro Xeral do Concello de Narón, Sede Electrónica, e polos restantes medios contemplados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

10. Prazo de presentación das solicitudes: Desde o 20 de agosto, ás 8:30 horas ata o 27 de agosto de 2020, ás 13:00 horas.

A presentación de solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Narón faranse no horario do Rexistro Xeral (8:30 - 13:00 horas).

11. Selección do alumnado: Por rigorosa orde de inscrición no rexistro. Reservarase o 20% das prazas para derivación do Servizo Sociocomunitario, que de non cubrirse pasan a engrosar o ordinario por orde de inscrición. Poderanse admitir solicitudes fóra de prazo, sempre que existan prazas vacantes.

12. Unidade Tramitadora: Servizo Sociocomunitario.

Para máis información, na sección de Servizos, Formación a Actividades Municipais da páxina web do Concello, ou contactar co Servizo Sociocomunitario, teléfono 981.33.77.00, extensión 1108 e 1109.

13. Observacións: Publicarase na sede electrónica o listado provisional de persoas admitidas, suplentes e excluídas. O alumnado seleccionado será informado telefonicamente da súa admisión, para a confirmación da praza. No caso de non ser localizado telefonicamente despois de realizar catro chamadas en horarios diferentes en dous días consecutivos, será excluído e non figurará na listaxe definitiva. O prazo de reclamacións contra o listado provisional será de 24 horas dende a súa publicación na sede electrónica, e deberán efectuarse a través de instancia xenérica nos lugares sinalados para a presentación de solicitudes. Coa publicación da listaxe definitiva na sede electrónica se entenderán resoltas todas as reclamacións.

O alumnado terá que comprometerse a cumprir as normas do curso.

As persoas admitidas no curso terán que entregar o día de inicio do curso (no Centro Municipal de Formación) o DNI e a tarxeta actualizada como demandante de emprego. De no acreditarse o cumprimento dos requisitos esixidos causarán baixa no curso.